| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases. - Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos. - Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. - Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. - Respecto das normas de seguridade e hixiene. - Electricidade básica para a montaxe de circuítos físicos ou simulados. Montaxe e/ou simulación de circuítos sinxelos con operadores eléctricos: xeradores, elementos de manobra ou control e receptores. Compoñentes básicos e simboloxía. - Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto. - Deseño de sistemas que incorporen circuítos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto. - Vocabulario técnico apropiado. - Ferramentas dixitais para a elaboración de documentación técnica relativa a proxectos. - Ferramentas de edición e creación de contidos: instalación, configuración e uso responsable. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 6 | Programación. | 16 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA4.1 - Describir, interpretar e deseñar solucións a problemas informáticos a través de algoritmos e diagramas de fluxo, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa. | Interpretar algoritmos sinxelos. Dar solución a problemas sinxelos a través de algoritmos. | TI | 100 |
| CA4.2 - Programar aplicacións sinxelas empregando os elementos de programación de maneira apropiada e aplicando ferramentas de edición. | Programar aplicacións sinxelas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Algorítmica e diagramas de fluxo. - Aplicacións informáticas sinxelas para ordenador. - Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-------------------------------|-----------------|
| 7 | Sistemas de control e robots. | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.2 - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos. | | PE | 20 |
| CA3.2.1. - Coñecer os elementos básicos dos sistemas de control e/ou robots sinxelos para a resolución dos problemas propostos. | Coñecer os elementos básicos dun sistema de control ou robot. | | |
| CA3.2 - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos. | | TI | 80 |
| CA3.2.2. - Realizar montaxe de sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos. | Montar un sistema de control ou robot sinxelo que resolva un problema proposto. | | |
| CA4.3 - Automatizar procesos, máquinas e obxectos sinxelos, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control. | Automatizar un proceso ou máquina sinxelos, programando un sistema de control ou robot. | | |
| CA5.1 - Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto. | | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA5.1.4. - Representar e comunicar o proceso de creación dun produto de robótica desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto. | Elaborar documentos técnicos con ferramentas dixitais, para representar o proceso de creación dun produto. Proporcionar formato axeitado á documentación creada. Empregar vocabulario técnico axeitado. | | |
| CA5.3 - Crear contidos e elaborar materiais configurando correctamente as ferramentas dixitais habituais da contorna de aprendizaxe, axustándoas ás súas necesidades e respectando os dereitos de autor e a etiqueta dixital. | | | |
| CA5.3.5. - Crear contidos, elaborar materiais relacionados con control e robótica configurando correctamente as ferramentas dixitais habituais da contorna de aprendizaxe, axustándoas ás súas necesidades e respectando os dereitos de autor e a etiqueta dixital. | Crear contidos configurando correctamente as ferramentas dixitais utilizadas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Compoñentes básicos e funcionamento dun sistema de control ou robot sinxelo: sensores, actuadores e controladores. - Montaxe de sistemas de control ou robots sinxelos para a resolución de problemas técnicos. - Sistemas de control programado: uso de simuladores e programación sinxela de dispositivos. - Fundamentos da robótica: control programado de robots sinxelos de maneira física ou por medio de simuladores. - Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe. - Vocabulario técnico apropiado. - Ferramentas dixitais para a elaboración de documentación técnica relativa a proxectos. - Ferramentas de edición e creación de contidos: instalación, configuración e uso responsable. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía fundamental da materia será eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo, potenciando a aprendizaxe significativa do alumnado.

Os fíos condutores da materia serán a resolución de problemas mediante a realización de proxectos tecnolóxicos e o emprego do pensamento computacional. A metodoloxía en cada unidade seguirá os pasos do proceso tecnolóxico mediante o deseño e construción de sistemas técnicos e prototipos, estruturais, mecánicos, eléctricos, robóticos, etc. Durante a resolución dos problemas propostos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo diferentes tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro. Tamén levará a cabo un adecuado tratamento da información e documentación do proceso de resolución de problemas empregando ferramentas dixitais que lle permitan mellorar a súa competencia neste campo.

Establécense na programación tres unidades didácticas de proxecto no curso, nas que o alumnado realizará aprendizaxes específicas (estruturas, mecanismos e electricidade) e ademais reforzará de xeito contínuo: o

método tecnolóxico na aula-taller e a elaboración da documentación técnica precisa para a súa realización. Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos tecnolóxicos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade. Foméntase a través dos proxectos e retos unha actitude creativa e emprendedora que permita resolver os problemas propostos dun xeito sostible, concienciando ó alumnado da importancia de valorar o impacto da tecnoloxía nas persoas e medioambiente.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Empregaránse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Aula-taller de tecnoloxía. |
| Ordenadores con conexión a Internet. Un ordenador por estudante. |
| Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática...) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, contornas de programación...). A prioridade será utilización de software libre. |
| Materiais para a fabricación, tratando de potenciar a reutilización. |
| Ferramentas manuais e eléctricas propias do taller de tecnoloxía. |
| Operadores e compoñentes eléctricos e electrónicos. |
| Dispositivos de fabricación dixital: impresoras 3D e cortadora láser. |
| Dispositivos de robótica. |
| Compoñentes para sistemas de control programados: sensores, actuadores, placas controladoras con conexión a internet (IOT). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase hardware libre. |
| Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos. |
| Aula virtual do centro. |

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira ou segunda semana do curso escolar realizarase unha proba específica para avaliar o grao de dominio dos contidos básicos, así como as competencias que adquiriu o alumnado en Educación Primaria relacionadas coa ciencia en xeral e que se consideran importantes para construír sobre eles as novas aprendizaxes propias da materia. Neses primeiros días, faranse exercicios introductorios sinxelos para ver a capacidades e destrezas do novo alumnado. Poderáse propoñer algún exercicio práctico (por exemplo relacionado coa papiroflexia) para ver a capacidade motora e manipulativa do alumnado. Pode ser nesa interacción onde se detecten xa aqueles que son faladores de máis ou outros que non recollen o seu posto de traballo. Podemos dicir, que facemos observación directa.

Este procedemento de avaliación inicial poderá conter, tanto cuestións de carácter teórico como de avaliación de diferentes destrezas e capacidade de traballo en equipo, como xa dixemos.

Esta proba non terá repercusión na cualificación da materia, só carácter diagnóstico e informativo.

Ademais desta proba específica de coñecementos e destrezas, tamén se realizará un cuestionario inicial que permita coñecer os intereses e motivacións persoais do alumnado. Tamén terán espazo para manifestar as dificultades que consideran eles/as poidan ter na materia.

Os resultados obtidos, analizaranse en conxunto cos postos en común na sesión de avaliación inicial co resto do equipo docente en Outubro (15,16 e 17). En función disto, procédese á revisión da programación, adoptando posibles modificacións para adaptala ao alumnado. No caso de detectar algún ou algunha estudante con algunha necesidade específica de atención á diversidade e que non se coñecía previamente ou ben, alumnado cuns coñecementos e/ou destrezas diferentes ao esperados neste nivel educativo, tomaranse as medidas oportunas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | Total |
|-----------------------------|-----------|----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 17 | 5 | 16 | 16 | 16 | 16 | 14 | 100 |
| Proba escrita | 30 | 0 | 25 | 25 | 25 | 0 | 20 | 20 |
| Táboa de indicadores | 70 | 100 | 75 | 75 | 75 | 100 | 80 | 80 |

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas ata o momento da avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación, pero axustándoos ó número de UD completadas no momento da avaliación, de xeito que a primeira avaliación engloba as UD 1 2 e 3, a segunda avaliación as UD 4 e 5 e a terceira avaliación as UDs 6 e 7 da programación:

NOTA 1 Avaliación =Media das tres primeiras UD

NOTA 2 Avaliación= Media das UDs 4 e 5

NOTA 3 avaliación= Media das UDs 6 e 7

A cualificación final do curso coincidirá coa nota da terceira avaliación no caso dos alumnado que non realice actividades de recuperación.

Cálculo da nota final do curso:

NOTA FINAL = media das notas das tres avaliacións

Os instrumentos serán, de ser o caso, un ou varias probas escritas e varias táboas de indicadores. Os contidos serán os relativos as unidades didácticas.

• ACLARACIÓNS:

• Na avaliación ordinaria a nota final do boletín será redondeada á unidade seguinte se a nota calculada, segundo os criterios de cualificación de cada programación didáctica, é de máis de 0,5 decimais por riba do enteiro anterior.

• Esta norma non será aplicada no resto das avaliacións.

• A nota final da ordinaria será o resultado do cálculo cos números reais con decimais de cada avaliación segundo os criterios de cualificación de cada programación didáctica e non co dígito enteiro presente no boletín de cada avaliación.

• CASOS DE FRAUDE:

• Son fraudes académicos:

• Alterar, falsificar, subtraer ou destruír documentos académicos, ou utilizar documentos falsos.

• Copiar e/ou plaxiar

• Apoderarse indebidamente do contido de probas, exames ou controis de coñecemento.

• Coñecer previamente as preguntas dun exame para preparar as respostas.

• Utilizar ou recorrer algún outro tipo de trampa (dispositivo electrónico, auricular...)

• Ocultar as fontes ou recursos utilizados(enténdase IA, entre outros) para a elaboración de traballos ou outros instrumentos avaliábeis.

Estes comportamentos fraudulentos suporán unha sanción e unha cualificación de cero na ferramenta. A proba ou traballo non poderá ser repetido.

No caso de que a cualificación de cero na ferramenta supoña o suspenso na avaliación o/a alumno/a acollerase ao procedemento de recuperación común establecido en cada unha das programacións.

Se esta circunstancia acontece na avaliación final, o/a alumna non poderá recuperar a materia.

• A NON REALIZACIÓN DE PROBAS OU ENTREGA DE TRABALLOS

- Se a falta de asistencia non está xustificada documentalmente non se repetirá a proba.

- Se a falta de asistencia está xustificada documentalmente o/a alumno/a deberá realizar a proba ou entrega do instrumento de cualificación na primeira sesión na que se incorpore ao centro ou na sesión que determine a persoa docente nos termos sinalados pola persoa docente correspondente.

- Se o/a alumna non realiza a proba segundo este procedemento a cualificación do instrumento será de 0.

- Neste casos o/a alumno/a acollerase ao procedemento de recuperación común establecido en cada unha das programacións.

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso, o alumnado poderá entregar de novo, ata dúas semanas antes do final do curso, un novo intento dos traballos e tarefas para actualizar a nota dentro de cada unidade.

Nas 2 últimas semanas do curso, o alumnado poderá realizar actividades de reforzo e ampliación que lle permitirán subir a súa cualificación nas unidades didácticas do curso.

Realizarase unha proba escrita de recuperación con bloques das unidades didácticas que tiñas proba escrita (1, 3, 4, 5 e 7) e a cualificación obtida neses bloques da proba de recuperación, substituirá a nota das probas escritas orixinal no caso de melloralas. Ademais realizarase un cambio nas ponderacións nas unidades, de xeito que a proba escrita, nas unidades didácticas que a contemplaban, tendo estas unha ponderación do 50% na unidade didáctica correspondente:

UD1 (50% PE+ 50% TI)

UD2 (100% TI)

UD3 (50% PE+ 50% TI)

UD4 (50% PE+ 50% TI)

UD5 (50% PE+ 50% TI)

UD6 (100% TI)

UD7 (50% PE+ 50% TI)

PE: Proba escrita TI: Táboa Indicadores

A cualificación final calcularase coas novas ponderacións, incluíndo as novas notas dos bloques da proba escrita (que substituirán as notas das probas escritas inferiores) e as notas obtidas no curso nas tarefas e proxectos avaliadas con TI.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña a materia de Tecnoloxía e Dixitalización de 1º ESO pendente de superar, ao non sela superado en anos anteriores, deberá realizar as seguintes actividades :

- Realización e entrega periódica, de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.
- Faranse dúas probas escritas parciais, en datas por definir no principio de curso. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación. Ademais haberá unha proba final.
- Distribúese a materia do curso en dúas partes, unha para cada proba parcial.
- Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.
- Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración: Media aritmética das probas escritas parciais 80% da cualificación.

Actividades realizadas ao longo do curso 20% da cualificación.

- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba escrita final en data por definir. no principio de curso Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.
- A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado, fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe ou xefa de departamento quen faga o seguimento.

6. Medidas de atención á diversidade

No desenvolvemento diario das aulas é preciso ter en conta a todo aquel alumnado con necesidades educativas específicas, atendendo á diversidade, así como aqueles/as outros/as que, sen ter necesidades deste tipo diagnosticadas, requiran unha especial atención por estar en risco pola súa situación persoal ou familiar. Do mesmo xeito, é necesario ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que cada estudante ten e tratar de atendelos no conxunto da aula.

Co fin de atender á heteroxeneidade na aula, aplicaranse, principalmente, as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Os contidos, tarefas e proxectos serán presentados ao alumnado atendendo ao Deseño Univesal de Aprendizaxe (DUA) seguindo as premisas expostas a continuación.
 - O material proporcionado ao alumnado cumprirá a premisa da accesibilidade, contando na medida na que sexa posible con: lecturas facilitadas, apoios visuais e auditivos.
 - Os recursos audiovisuais empregados contarán, sempre que sexa posible con subtítulos.
 - As actividades e proxectos serán multinivel, na medida do posible. Estarán deseñados con diferentes graos de dificultade, coa finalidade de atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe e os propios intereses e motivacións do alumnado, así coma aos diferente estilos de aprendizaxe.
 - Facilitaranse actividades de reforzo, que traballen os mínimos de consecución, así como actividades ampliación, centradas na ampliación de conceptos, investigación e resolución de retos propostos.
 - Fomentarse a colaboración mutua entre o alumnado no proceso de ensinanza - aprendizaxe, promovendo a aprendizaxe entre iguais.
 - Flexibilizanse os tempos para levar a cabo as diferentes actividades en función das necesidades de cada estudante.
 - Flexibilizanse os instrumentos e procedementos de avaliación nos casos en que sexa preciso.
 - Aplicaranse os protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, atención educativa a alumnado con altas capacidades intelectuais, etc.) ao alumnado que o precise.
 - Adecuación e organización e xestión da aula en función das características e necesidades do alumnado así como da tipoloxía de tarefa a desenvolver.
 - No caso de ser posible, desdoblamento de grupos e reforzo educativo.
 - Como medida extraordinaria, a realización de adaptacións curriculares individualizadas, que se adoptará nos casos con maiores dificultades, xa que afectará aos compoñentes prescritivos do currículo
 - No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual. | | | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial. | X | | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico. | X | | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero. | | | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Educación para a saúde. | X | X | X | X | X | | X |
| ET.11 - Formación estética. | X | | X | X | X | X | X |
| ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais. | | X | X | X | X | | X |

Observacións:

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos.

Expresión oral e escrita: trabállase en todas as UD na resolución das tarefas de clase e coa elaboración de documentación técnica. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica.

Comunicación audiovisual: presentación de resultados de prácticas e proxectos mediante creacións audiovisuais.

Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.

Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.

Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos tecnolóxicos. Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital.

O desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos fomentará o traballo en equipo. A igualdade de xénero no ámbito científico e tecnolóxico é unha necesidade na sociedade actual, que tratará de cubrirse mediante un axeitado reparto de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos.

Creatividade: É unha parte fundamental do método tecnolóxico e trabállase en

Educación para a saúde: importancia do respecto polas normas de seguridade e hixiene no taller. Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade.

Formación estética: procesos de deseño e acabado nos proxectos tecnolóxicos. Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade nos proxectos tecnolóxicos, sobre todo na elección de materiais e fontes de enerxía.

Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Saídas didácticas relacionadas coa materia. | Saídas didácticas relacionadas coa materia. | X | X | X |

Observacións:

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos das distintas unidades didácticas do curso.

Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro. Para cada actividade complementaria indicaranse as seguintes características:

- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| A secuenciación e a temporalización das UD adáptase ás características do grupo de alumnado. |
| Os criterios de cualificación empregados nas avaliacións foron claros e rigurosos e permiten identificar a aprendizaxe do alumnado. |
| A metodoloxía vai dirixida ao logro de competencias clave. |
| Adóptanse distintos tipos de agrupamento en función das actividades a realizar. |
| Utilízanse recursos didácticos variados para a presentación de contidos e para a práctica do alumnado. |
| Preséntanse contidos e actividades apoiadas nas novas tecnoloxías: PDI, pizarra dixital, recursos en liña, ¿ |
| As medidas de atención á diversidade teñen en conta o cambio de paradigma do "non é capaz" ao "é capaz". |
| Facilítase ao alumnado a información dos progresos e das dificultades atopadas. |
| Tense en conta a opinión do alumnado sobre a carga de tarefas a realizar. |
| Realízase unha coordinación co profesorado con dispoñibilidade horaria que apoia dentro da aula. |

| |
|--|
| Metodoloxía empregada |
| A temporalización das UD axústase na súa maior parte á realidade. |
| O procedemento de avaliación inicial identifica as necesidades reais do alumnado.. |
| Os instrumentos de avaliación empregados adecúanse ás características do alumnado. |
| Os elementos transversais seleccionados para cada UD encaixan nas situacións de aprendizaxe propostas. |
| Proporcionáanse situacións de aprendizaxe motivadoras. |
| As actividades propostas están debidamente secuenciadas, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía. |
| Utilízanse metodoloxías activas: ABP, aprendizaxe cooperativo, aprendizaxe por proxectos, ... |
| Empréganse contornas virtuais de aprendizaxe: aula virtual Moodle, eva Edixgal, ¿ |
| Verifícase a comprensión das tarefas a realizar polo alumnado. |
| Adáptanse os procedementos e instrumentos de avaliación en función das características do alumnado. |
| Ségúense as propostas que figuran nas guías e nos protocolos elaborados pola Consellería para a atención do alumnado con NEAE. |
| Faise seguimento dos Plans de reforzo para o alumnado que pase de curso con materias sen superar. |
| O ambiente da clase foi axeitado e produtivo. |
| Mantense o interese do alumnado. |
| Faise saber a finalidade, importancia e aplicación na vida real das aprendizaxes. |
| Cando o interese decae propóñense actividades atractivas e motivadoras. |
| Tense en conta a existencia de tarefas doutras materias para planificar as propias. |
| Estimúlase o diálogo e/ou actividades de educación emocional como principal vía para a prevención e resolución de conflitos. |
| Poténciase a sensación ou convencemento de capacidade de aprender no alumnado ante o que se lle propón. |
| Infórmase periodicamente ás familias do progreso académico do alumnado. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| As actividades propostas intentan acheqar o currículo a situacións da vida real. |
| Cóntase con normas de convivencia nos espazos de docencia: aula, aula-taller, ... |
| Realízase unha coordinación co profesorado especialista de PT. |

| |
|---|
| Medidas de atención á diversidade |
| O estilo pedagóxico do docente ten en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA). |
| Adáptase a secuenciación das tarefas ás necesidades do alumnado. |
| Adáptanse os tempos ás necesidades do alumnado tanto na realización das tarefas como na avaliación. |
| Faise seguimento dos reforzos educativos do alumnado que os precise. |
| Faise seguimento dos mecanismos de reforzo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe. |
| Faise seguimento dos plans para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso. |
| Clima de traballo na aula |
| Promóvese o traballo colaborativo e en equipo respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe. |
| Distribúese o tempo axeitadamente ás situacións de aprendizaxe. |
| Utilízanse as alternativas metodolóxicas que mellor se adaptan á construción que cada alumno/a fai na súa aprendizaxe. |
| Utilízase unha linguaxe sinxela, clara e ben estruturada na presentación dos novos contidos. |
| Foméntase a participación e colaboración das familias no proceso de aprendizaxe do alumnado. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| As actividades complementarias realizadas son axeitadas |
| Realízase unha coordinación periódica co resto do profesorado do grupo. |
| Realízase unha coordinación co departamento de orientación. |
| Faise uso da axenda escolar/Abalar como canle de comunicación bidireccional coas familias. |
| Outros |
| Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas. |
| O alumnado emprega recursos dixitais como instrumentos de creación, integración e medios de expresión das ideas. |
| Proporcionáanse ao alumnado as táboas de indicadores de avaliación para que saiban como e de que se lles vai a avaliar. |

Descrición:

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente. Nas reunións de departamento realizarase, a lo menos, unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, empregando táboas e listas de cotexo, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade e no caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

9. Outros apartados